



MINICAMPAMENTOS CULTURAIS 2026

As persoas participantes nos minicampamentos culturais de verán 2026 disporán dun programa de actividades culturais para ofrecer ás pequenas e pequenos participantes unha alternativa lúdica e de calidade nas súas vacacións ao tempo que se facilita a conciliación familiar e laboral.

As actividades estarán a cargo de *Osventos*, que se encargará de proporcionar o material necesario para o seu desenvolvemento.

SOLICITUDES

Poden solicitar praza nas actividades ofertadas as nenas e nenos de 4 a 12 anos que teñan o carné da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Poden solicitarse as dúas quendas, xuño e setembro, pero só poderán participar nunha delas.

A praza adxudicada será intransferible.

IDADES

Deben ter cumpridos os 4 anos na data de inicio do campamento e deberán ter 12 anos cando remate.

INSCRICIÓN

A inscrición realizarase exclusivamente a través dos formularios que estarán abertos dende as 00:00h do 29 de maio ata as 23:59 do 2 de xuño na nosa páxina web.

1ª quenda: do 22 ao 30 de xuño

2ª quenda: do 1 ao 7 de setembro

Cubrirase unha solicitude por nena ou neno que queira participar e indicarse o seu número de carné da biblioteca.

A presentación da solicitude implica a aceptación das normas deste procedemento.

PRAZOS

Presentación de solicitudes	Das 00:00 do venres 29 de maio ás 23:59h do 2 de xuño .
Adxudicación das prazas e elaboración da lista de agarda	O venres 5 realizarase un único sorteo no que as solicitudes recibidas se ordenarán aleatoriamente, dando lugar á lista de persoas admitidas e de agarda.
Comunicación ás persoas agraciadas	A comunicación será por teléfono dende o venres 5 de xuño Faranse 3 chamadas en 2 días distintos. Se non hai resposta, pasarase á seguinte persoa na lista. O número de teléfono dende o que se realizará a chamada comezará por 881 999 ---
Comunicación ás persoas na lista de agarda	Comunicación por chamada telefónica. Faranse 3 chamadas en 2 días distintos. Se non hai resposta, pasarase á seguinte persoa na lista. O número de teléfono dende o que se realizará a chamada comezará por 881 999 ---
Renuncias	Ata o 17 de xuño. No correo electrónico biblio publica.santiago@xunta.gal

ADXUDICACIÓNS DE PRAZAS

A adxudicación das 20 prazas por quenda realizarase por sorteo, por medios informáticos que se celebrará o 5 de xuño.

O sorteo tamén dará lugar a unha lista de espera para cada unha das quendas do campamento.

RESULTADO DO SORTEO

Non se publicarán na páxina web os nomes por motivos de protección de datos. Comunicarase ás persoas agraciadas por teléfono a partir do 5 de xuño.

NON ASISTENCIA

O procedemento para renunciar á praza é o seguinte:

- Pode renunciarse á praza ata o 17 de xuño no correo electrónico biblio publica.santiago@xunta.gal
- Non se permiten faltas de asistencia, agás enfermidade.

Consecuencias de non asistir ao campamento: No caso de que os próximos anos se realicen campamentos, as nenas e nenos terían 3 anos de penalización.